

**ASUNTO**  
**PLE/2024/00018336M**

### CONVOCATORIA DE SESIÓN ORDINARIA

Convoco aos/ás señores/as concelleiros e concelleiras da Corporación Municipal á sesión ordinaria do Pleno que terá lugar no Pazo de Raxoi o próximo **día 24 de abril de 2024, ás 10:00 horas**, en primeira convocatoria e dous días máis tarde á mesma hora, en segunda, de non se acadar quórum de asistencia na anterior.

En caso de embarazo, maternidade, paternidade ou enfermidade poderase asistir por medios telemáticos.

Os acordos adoptados entenderanse producidos na sede do Pazo de Raxoi.

### ORDE DO DÍA

**1. SECRETARÍA XERAL.** Referencia: **2024/00018336M**.  
Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 20 de marzo de 2024.

**2. Declaración institucional Letras Galegas 2024.**

**3. Declaración institucional polo Día Mundial do Lupus 2024**

**4. XESTIÓN URBANÍSTICA.** Referencia: **2023/00045193W**.  
Aprobación definitiva do Estudo de detalle para a accesibilidade de dous edificios de vivendas situados na travesa da Choupana, números 3 e 4.

**5. ACCIÓN SOCIAL.** Referencia: **2024/00002096A**.  
Creación do Consello Municipal de Igualdade como órgano de participación da cidadanía do Concello de Santiago de Compostela nas materias de igualdade efectiva entre mulleres e homes e do colectivo LGTBIQ+. Aprobar inicialmente o Regulamento do Consello Municipal de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela.

**6. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE.** Referencia: **2024/00016607R**.  
Aprobación de expediente de suplemento de crédito **2024-SUPLE-02**, de importe **20.000,00 €**, financiado con baixas por anulación, e modificación de subvención nominativa.

**7. ACCIÓN SOCIAL.** Referencia: **2024/00013588H**.  
Levantar o reparo suspensivo da factura **F/2023/6015** de data **24/11/2023**, do contrato menor de servizos denominado “Campaña de difusión das actividades artesanais de Santiago “Ourives de Compostela” nas feiras de turismo de Bilbao e Valladolid”.

**8. SERVIZOS SOCIAIS.** Referencia: **2024/00017558D**.  
Ratificación da inclusión e resolver a discrepancia e o reparo que contén o informe de Intervención núm. **2019/2023**, de data **30-12-2023**, en relación coa nova factura **F/2024/411**, **2024/5010019** expedida o **18 de xaneiro do 2024** por

**Autocares Rías Baixas, S.L. (CIF B3601990) por importe 2103,20 euros.**

**9. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para o posicionamento empresarial de Santiago de Compostela no mundo lusófono como capital alternativa a Lisboa.**

**10. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para que Santiago se postule como candidata para ser capital europea da xuventude no ano 2028.**

**11. Proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE para favorecer a democratización na toma de decisión e posta en marcha dos acordos plenarios.**

**12. Proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE para a posta en marcha dun programa de patios inclusivos nos CEIPS do Concello de Santiago de Compostela.**

**13. INTERVENCIÓN.** Referencia: **2024/00018336M.**

**Tomar coñecemento de informe de intervención de control interno dos pagos a xustificar e anticipos de caixa fixa. Exercicio 2023.**

**14. SECRETARÍA XERAL.** Referencia: **2024/00018336M.**

**Tomar coñecemento de resolución da alcaldía de delegación de atribucións.**

**15. SECRETARÍA XERAL.** Referencia: **2024/00018336M.**

**Tomar coñecemento das resolucións da alcaldía, das concellerías delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.**

**16. Rogos, preguntas e interpelacións.**

**Rogos:**

1. Formulado polo PSdeG-PSOE para mellorar a mobilidade da rotonda da praza de España.
2. Formulado polo PSdeG-PSOE para a limpeza e mantemento dos xardíns Mosquera Pérez.
3. Formulado polo PSdeG-PSOE para impulsar o Consello municipal da cidade histórica.

**Preguntas orais:**

1. Formulada polo PP sobre a contratación das obras da rúa García Lorca.
2. Formula polo PP sobre o acceso á zona vella.
3. Formulada polo PP sobre as reclamación dos veciños do barrio de Vite.
4. Formulada polo PSdeG-PSOE relativa á xestión dos fluxos turísticos da cidade.
5. Formulada polo PSdeG-PSOE relativa ao servizo gratuíto de limpeza de pintadas.
6. Formulada polo PSdeG-PSOE relativa ao servizo de licenzas e disciplina urbanística.

**17. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:**

1. Presentada polo PP para a elaboración dun plan que permita o acceso ao patrimonio relixioso da cidade menos coñecido e axude a extensión da zona cero turística.
2. Presentada polo PP para a actualización e configuración das cámaras instaladas no

casco histórico polo concello para que sexan útiles para a prevención, investigación e esclarecemento de delitos.

3. Presentada polo PP para dotar máis recursos económicos e velar polo cumprimento da lei de benestar animal no Refuxio de Bando.

4. Presentada polo PP para o acondicionamento xeral do cemiterio de Boisaca, sinalización e numeración dos nichos, reparación dos pasos interiores e posta en valor do patrimonio funerario.

5. Presentada polo BNG e CA para amosar o rexeitamento do pleno ao proxecto de construción dunha macrofactoría de pasta de celulosa de Altri en Palas de Rei.

6. Presentada polo PSdeG-PSOE relativa á aprobación dun plan de mobilidade para o corredor Pardiñas-Galanas á vista das obras de humanización do Milladoiro.

7. Presentada polo PSdeG-PSOE relativa á necesidade de implantar a educación afectivo sexual nos centros educativos de Santiago de Compostela como ferramenta para a igualdade.

8. Presentada polo PSdeG-PSOE en relación coas instalacións do Refuxio de Bando.

### **BNG**

Dona Goretti Sanmartín Rei, Dona Míriam Louzao Fernández, Don Xesús Domínguez Domínguez, Dona Pilar Lueiro García, Don Manuel César Vila, Don Iago Lestegás Tizón.

### **CA**

Dona María Rozas Pérez, Don Xan Xesús Duro Fernández.

### **PP**

Don Borja Vereá Fraiz, Dona María Baleato González, Dona Yolanda Otero Balsa, Don José Antonio Constenla Ramos, Dona Olaya Otero Sanjurjo, Don José Ramón de la Fuente Rodríguez, Dona Nerea Barcia Guldrís, Don Evaristo Ben Otero, Dona María Rosario Ferreiro Varela, Don Adrián Villa Torres, Don Borja Rubio Somoza.

### **PSdeG-PSOE**

Dona Mercedes Rosón Ferreiro, Dona María Milagros Castro Sánchez, Don Gumersindo Guinarte Cabada, Dona Marta Abal Rodríguez, Don Gonzalo Muíños Sánchez, Dona Marta Álvarez Vázquez.

